

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: CALENDARIO FISCAL 2026

EXPEDIENTE: 2026/G003/000041

Considerando o informe de tesouraría de 15 de xaneiro de 2026 que se transcribe a continuación:

“EXPEDIENTE : 2026/X999/000012

NORMATIVA APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Real Decreto 939/2005, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Ordenanza de aplicación dos tributos e dos ingresos de dereito público do Concello de Rianxo.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro. Prazo de ingreso de débedas de notificación colectiva e periódica

O artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria dispón:

“O pago en período voluntario das débedas de notificación colectiva e periódica que non teñan establecido outro prazo nas súas normas reguladoras deberá efectuarse no período comprendido entre o día 1 de setembro e o 20 de novembro ou, si este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

A administración tributaria competente poderá modificar o prazo sinalado no parágrafo anterior sempre que este prazo non sexa inferior a dous meses.”

Segundo. A Ordenanza fiscal xeral reguladora da aplicación de tributos e ingresos de dereito público, reproduce literalmente no artigo 16.2 o precepto anterior.

Terceiro. A pesar de que a Ordenanza reguladora da aplicación de tributos e ingresos de dereito público do Concello de Rianxo non prevé expresamente a aprobación do calendario fiscal, para o suposto de modificación do prazo xeral previsto na Lei Xeral Tributaria respecto das débedas de notificación colectiva e periódica, esta é unha práctica que resulta necesaria, en aras da transparencia e da eficacia da xestión recadatoria. Así, dunha banda constitúe unha garantía procesal para que os contribuíntes coñezan con antelación suficiente o momento no que deberán afrontar o pago dos tributos municipais e, por outro lado, obriga aos servizos municipais a programar e planificar o seu traballo co fin de cumprimentar os expedientes nos prazos respectivos, dispoñendo así ultimados os padróns en prazo.

Ademais, o calendario fiscal constitúe unha ferramenta da planificación financeira xa que procura a distribución no tempo as dispoñibilidades líquidas do concello para a puntual satisfacción das súas obrigas no exercicio, atendendo ás prioridades legalmente establecidas e ás directrices marcadas pola corporación, en aras de un eficaz desenvolvemento da xestión económica municipal de acordo co Orzamento Xeral do Concello.

Cuarto. O contido da resolución de aprobación do calendario fiscal afecta a unha pluralidade indeterminada de persoas, polo que, ao abeiro do disposto no artigo 49.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de

outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, debe publicarse, para o seu xeral coñecemento no Boletín Oficial correspondente, así como no Taboleiro de Edictos e na sede electrónica do Concello de Rianxo

Os padróns ou matrículas someteranse a aprobación do órgano competente e, unha vez aprobadas, serán expostas ao público durante un prazo de quinze días (hábiles) contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no boletín oficial da provincia (artigo 16.6 da Ordenanza Fiscal de aplicación dos tributos e ingresos de dereito público). Dita publicación producirá os efectos de notificación colectiva.

Quinto. A pesar de que, por principio, deben respectarse os prazos establecidos no calendario fiscal, si por causas debidamente xustificadas, os padróns non puideran poñerse ao cobro nas datas mencionadas, o Concello resérvase a facultade de modificar o presente calendario, debendo proceder a dar difusión suficiente á antedita modificación a través dos mesmos medios que se indican no parágrafo anterior.

Sexto. Non se incorpora á proposta a taxa polo servizo de recollida do lixo, reivindicacións correspondentes aos vixentes segundo e terceiro cuadrimestre, debido á posible entrada en vigor dunha nova ordenanza fiscal, por esixencia da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados, que puidera afectar ao calendario.

Sétimo. O órgano competente para aprobar o Calendario Fiscal é o Alcalde, ao abeiro da cláusula residual do artigo 21.1.s) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ao abeiro do artigo 5 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e en exercicio das funcións encomendadas á tesouraría, efectúase a seguinte proposta de calendario fiscal:

Concepto	Exercicio e período	Período voluntario ingreso	Data de cargo domiciliados
IVTM	2026	17/03/2026-18/05/2026	01/04/2026
LIXO	2026/1 cuadrimestre	17/03/2026-18/05/2026	02/04/2026
LIXO	2026/2 cuadrimestre	15/07/2026-15/09/2026	30/07/2026
IBI URBANA	2026	01/09/2026-02/11/2026	01/10/2026
IBI RUSTICA	2026	01/09/2026-02/11/2026	02/10/2026
IBI BICES	2026	01/09/2026-02/11/2026	01/10/2026
IAE	2026	01/09/2026-02/11/2026	02/09/2026
VADOS e CARGA e DESCARGA	2026	01/09/2026-03/11/2026	03/09/2026
LIXO	2026/3 cuadrimestre	01/10/2026-01/12/2026	01/10/2026
MESAS E CADEIRAS	2026	15/10/2026-16/12/2026	15/10/2026
MERCADILLO	2026/bimensual	Dous meses desde o fin exposición pública	Primeiro día do período voluntario
MERCADO	2026/trimestral	Dous meses desde o fin exposición pública	Primeiro día do período voluntario
PREZO PÚBLICO SAF	2026/mensual	Dous meses desde o fin exposición pública	Primeiro día do período voluntario

SISTEMA ESPECIAL DE PAGO DO IBI

Primeiro prazo: 18/08/2026
 Segundo prazo: 20/10/2026

Considerando que os anuncios de cobranza incluirán, a lo menos, o contido que establece o artigo 24.2 do Regulamento Xeral de Recadación.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril,

reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO

Aprobar o calendario fiscal para o exercicio 2026, no que se establecen os seguintes períodos voluntarios de ingreso:

Concepto	Exercicio e período	Período voluntario ingreso	Data de cargo domiciliados
IVTM	2026	17/03/2026-18/05/2026	01/04/2026
LIXO	2026/1 cuadrimestre	17/03/2026-18/05/2026	02/04/2026
LIXO	2026/2 cuadrimestre	15/07/2026-15/09/2026	30/07/2026
IBI URBANA	2026	01/09/2026-02/11/2026	01/10/2026
IBI RUSTICA	2026	01/09/2026-02/11/2026	02/10/2026
IBI BICES	2026	01/09/2026-02/11/2026	01/10/2026
IAE	2026	01/09/2026-02/11/2026	02/09/2026
VADOS e CARGA e DESCARGA	2026	01/09/2026-03/11/2026	03/09/2026
LIXO	2026/3 cuadrimestre	01/10/2026-01/12/2026	01/10/2026
MESAS E CADEIRAS	2026	15/10/2026-16/12/2026	15/10/2026
MERCADILLO	2026/bimensual	Dous meses desde o fin exposición pública	Primeiro día do período voluntario
MERCADO	2026/trimestral	Dous meses desde o fin exposición pública	Primeiro día do período voluntario
PREZO PÚBLICO SAF	2026/mensual	Dous meses desde o fin exposición pública	Primeiro día do período voluntario

SISTEMA ESPECIAL DE PAGO DO IBI

Primeiro prazo: 18/08/2026
Segundo prazo: 20/10/2026

SEGUNDO

Publicar o calendario fiscal no Boletín Oficial da Provincia, na Web municipal e no Taboleiro electrónico para xeral coñecemento, con indicación expresa de tódolos extremos enumerados no artigo 24.2 do Regulamento Xeral de Recadación; e se traslade a presente resolución aos departamentos de Intervención, Recadación e Tesouraría municipais.

Asinado en Rianxo por medios electrónicos polo alcalde, Julián Bustelo Abuín, do que eu, Patricia Sánchez Castelo, como secretaria, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).